# Adaptación avaliación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instruccións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e Estándares de aprendizaxe para o seguinte nivel educativo:

## Educación Artística (EDUCACIÓN MUSICAL)

### 1º Educación Primaria.

### BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.<br>• Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.<br>• Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.<br>• Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.<br>• Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). | • Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br>• Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br>• Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.<br>• Identifica voces masculinas e femininas.<br>• Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.<br>• Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.<br>• Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.<br>• Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. |

### BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.<br>• Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | • Repite esquemas rítmicos escoitados.<br>• Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>• Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>• Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br>• Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Realizar pequenas coreografías.<br>• Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br>• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.<br>• Responde co seu corpo a estímulos sonoros.<br>• Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.<br>• Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. |

## 2º Educación Primaria.

## BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.<br>• Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.<br>• Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.<br>• Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.<br>• Identificar e expresar a través de diferentes | • Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br>• Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br>• Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.<br>• Identifica voces masculinas e femininas.<br>• Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |

| | |
|---|---|
| linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). | • Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.<br>• Coñece algúns compositores e relaciónaos coas súas obras.<br>• Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.<br>• Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.<br>• Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.<br>• Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.<br>• Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.<br>• Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. |

## BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.<br>• Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | • Repite esquemas rítmicos escoitados.<br>• Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>• Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>• Le e interpreta con ritmo cancións ao unísono.<br>• Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br>• Xoga a pregunta- resposta con motivos melódicos e rítmicos. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Realizar pequenas coreografías.<br>• Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br>• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.<br>• Responde co seu corpo a estímulos sonoros.<br>• Coordina extremidades superiores e inferiores |

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tlfno.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/

| | |
|---|---|
| | nos desprazamentos coa música.<br>• Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. |

## 3º Educación Primaria.

## BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.<br>• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen | • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br>• Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.<br>• Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br>• Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br>• Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.<br>• Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.<br>• Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. |

## BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, | • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. |

| | |
|---|---|
| mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br>• Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.<br>• Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>• Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas | • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>• Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

## 4º Educación Primaria.

## BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.<br>• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br>• Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.<br>• Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br>• Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br>• Identifica e describe variacións e contrastes de |

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tlfno.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/

| | |
|---|---|
| | velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.<br>• Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura. |

## BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br>• Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, e dispositivos electrónicos. | • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>• Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.<br>• Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>• Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas | • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>• Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

## 5º Educación Primaria.

## BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, | • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tlfno.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/

| | |
|---|---|
| recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.<br>• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.<br>• Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.<br>• Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.<br>• Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br>• Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.<br>• Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Identifica, clasifica e completa os compases traballados.<br>• Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.<br>• Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.<br>• Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.<br>• Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.<br>• Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.<br>• Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br>• Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.<br>• Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.<br>• Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.<br>• Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. |

## BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas | • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. |

| | |
|---|---|
| instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br>• Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos. | • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br>• Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar<br>• Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.<br>• Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.<br>• Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.<br>• Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. | • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>• Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.<br>• Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.<br>• Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.<br>• Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. |

# 6º Educación Primaria.

## BLOQUE 1. ESCOITA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.<br>• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br>• Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. |

| | |
|---|---|
| • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.<br>• Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.<br>• Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.<br>• Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | • Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br>• Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.<br>• Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Identifica, clasifica e completa os compases traballados.<br>• Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.<br>• Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.<br>• Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.<br>• Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.<br>• Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.<br>• Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br>• Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.<br>• Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.<br>• Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.<br>• Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.<br>• Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.<br>• Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. |

## BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Interpretar un repertorio básico de | • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada |

| | |
|---|---|
| acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br>• Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos. | para a interpretación de obras.<br>• Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br>• Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar<br>• Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.<br>• Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.<br>• Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. |

## BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.<br>• Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.<br>• Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas | • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>• Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.<br>• Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.<br>• Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.<br>• Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.<br>• Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. |

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

Continua.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Os instrumentos de avaliación que utilizarei son os seguintes:**

- Observación directa.
- Traballo diario.
- Fichas.
- Cadernos de clase.
- Pequenos controis da evolución do alumno e alumna. (avaliación continua)
- Asistencia e comportamento.

- **Os criterios de cualificación son:**

- Remata as tarefas
- Actitude ante o traballo.
- Limpeza na presentación dos traballos.
- Participación en clase.
- Comportamento.
- Coidado do material.

- **Calificacións dos diferentes controis.**

As portentaxes que conformarán as notas finais quedan establecidas na seguinte proporción:

| | |
|---|---|
| **Traballo diario 50%** | Observación directa, traballo diario, fichas, cadernos de clase. |
| **Controis e exámenes 20%** | Pequenos controis da evolución do alumno e alumna e exames finais de trimestre, oral e práticos. |
| **Actitude e comportamento 20%** | Remata as tarefas, actitude ante o traballo, limpeza na presentación dos traballos, participación en clase, comportamento e coidado do material. |
| **Outras consideracións do profesor 10%** | Observación sobre a evolución global do alumno/a, esforzo dentro das súas capacidades e valoración en relación ao contexto socio-familiar, faltas de asistencia. |

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tlfno.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/

**METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (Recuperación, repaso, reforzo e ampliación)**

- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados dende a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.
- Dotar aos contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiran a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).
- Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e a rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Todo isto permite inferir certos principios, estratexias metodolóxicas, fórmulas organizativas:
- A metodoloxía proposta, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.
- Os modelos de ensino-aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.
- A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.
- Por conseguinte, o alumnado reorganizará os seus coñecementos, coa axuda do grupo, á luz da nova información.

Os indicadores a valorar son os seguintes:

- Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades, exercicios e tarefas, recursos axustados á programación didáctica e as necesidades e intereses do alumnado.
- Establezo a miña actividade educativa de forma coordinada co restante profesorado.
- Plantexo situacións introductorias previas ao tema que se vai a tratar.

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tlfno.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/

- Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.
- Utilizo recursos didácticos variados tanto para a presentación dos contido como para a práctica do alumnado.
- En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
- Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnado, dos temas e contidos.